



CONCELLO DE CHANTADA

Proposta de Alcaldía

Expediente Nº: 101/2021

Asunto: Proposta de aprobación da Conta Xeral do exercicio 2020.

PROPOSTA AO PLENO

Vista a Conta Xeral do exercicio 2020 do Concello de Chantada, xunto coa documentación anexa a mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto que a Comisión Especial de Contas do Concello en sesión celebrada en data 31 de maio de 2021 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación a Conta Xeral do 2020.

Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 126 de data 5 de xuño de 2021 , xunto co informe de dita comisión, foron expostos ao público durante un prazo de quince días , durante os cales os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que de conformidade coa certificación librada pola Secretaria xeral da corporación, durante dito prazo de exposición ao público de dita conta, non se presentaron reclamacións.

Pola presente propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2020.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto coa documentación ca integra ao Tribunal de Contas, tal e como establece o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e demás normativa concordante, ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

Chantada, na data da sinatura electrónica no 2021.

O ALCALDE ,

A/ Manuel L. Varela Rodriguez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org



Cod. Validación: 9NY63L652ZAYJG54G9R9KG9TJ | Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1